

Ao conselleiro de Educación

Á directora xeral de ordenación e innovación educativa

O DECRETO 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galiza creou os departamentos de orientación nos centros educativos galegos. No artigo 7 regúlanse as funcións das persoas que exercen a xefatura destes departamentos.

Ao longo dos anos transcorridos desde a entrada en vigor dese Decreto foron numerosas as ocasións nas que a CIG-Ensino ten demandado a necesidade de actualizar o sistema orientación interno e externo dos centros educativos.

No caso dos IES, a Consellaría limitouse a dotar uns poucos centros dunha segunda persoa orientadora, sen estender esta medida a outros centros que, en situacións similares, tamén deberían contar con esa figura.

Recentemente, publicouse no BOE o Real Decreto 286/2023, de 18 de abril, polo que se regula a asignación de materias na ESO e no Bacharelato ás especialidades de distintos corpos docentes. No seu artigo 2.4 regúlase que o persoal funcionario da especialidade «Orientación educativa» realizará tarefas de orientación e, ademais, poderá desempeñar docencia, conforme ao previsto no anexo I, na materia de opción de 4º da ESO, Formación e Orientación Persoal e Profesional.

Na negociación na Mesa Docente estatal a CIG-Ensino amosouse crítica con esta disposición do Ministerio e na Mesa Sectorial galega instamos á Consellaría a non adxudicar docencia nesa materia ao persoal orientador, ao entendermos que iso abre unha porta a desfacer o traballo deste profesorado e a camiñar no sentido contrario ao que precisa o ensino público galego. A decisión, única e exclusiva, depende agora da Consellaría de Educación, que garda silencio e aínda non deu resposta á nosa proposta. Esta situación pode desembocar para o curso 2023/24 na asignación de docencia nesa materia, coa conseguinte redución de tempo para os cometidos que lle sen propios ao departamento de orientación, xa que asignación de materias regulada no Real Decreto, de non mediar unha normativa propia por parte da Xunta, sería de aplicación directa en todos os centros.

Tendo en conta que aínda hoxe non se pode garantir que todos as persoas que forman parte da comunidade educativa teñan acceso en igualdade de condicións aos servizos de orientación educativa non se pode entender que, lonxe de protexer este dereito do alumnado, profesorado e familias se asigne docencia directa as xefaturas dos departamentos de orientación en detrimento das funcións que xa ten asignadas.

Por todo o anterior, desde a CIG-Ensino **instamos á Consellaría a regular**, coa suficiente antelación ao comezo do curso escolar próximo e aos traballos de asignación de horarios docentes, **unha disposición legal que indique expresamente que as funcións das persoas que exercen as súas funcións de orientación nos centros educativos se manterán tal e como indica a normativa galega en vigor, sen que sexa de aplicación para esta especialidade docente o que se recolle no artigo 2.4 do Real Decreto 286/2023 ao respecto da materia de Formación e Orientación Persoal e Profesional.**

Xesús Bermello García
Secretario Nacional CIG-Ensino